

**PROTOCOLO COMEDOR  
ADAPTADO Á SITUACION COVID19**

## **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

### **Recollida de nenos e nenas na aula:**

- As persoas usuarios deste servizo serán recollidas nas aulas polas/os monitoras/es. Poderase adiantar ou retrasar as saídas do alumnado das diferentes aulas para evitar aglomeracións ou cruces nos corredores. (agás secundaria) que accederá dende o pórtico polas escaleiras de Amencer ata os baños do baixo.
- O alumnado que use este servizo dirixirase ao comedor en fila, mantendo distancia de 1.5 m entre grupos de convivencia (aulas).
- Entrarán de un/unha en un/unha e controlando o aforo. Proporcionaráselle xel hidroalcolico á entrada do comedor.

### **QUENDAS**

#### **1ª quenda: 13:10 h. De 1º (comedor pequeno) a 4º EP (comedor grande)**

- Entrarán no comedor de maneira ordenada e asignaráselle a cada un/unha un lugar fixo para todo o curso.
- Rexistraranse os lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- Entrarán pola porta do fondo do comedor. A saída realizarase pola porta lateral, para evitar contacto con outros grupos de convivencia. (Estableceranse itinerarios de acceso ao pórtico).
- Nos días de choiva, os usuarios de Primaria entrarán pola porta lateral de acceso a Infantil.
- A saída realizarase de forma inversa á entrada.
- A medida que as rutinas sexan asimiladas, verase a conveniencia de retrasar uns minutos a quenda para gañar tempo na aula.
- Recoméndase que se traen merenda para media mañá, sexa lixeira para xantar despois axeitadamente.

#### **2ª quenda: 14:20 h 5º-6º EP. ESO (de mércores a venres; luns e martes ás 15:15 h)**

- Os usuarios de 5º e 6º de Primaria entrarán pola porta lateral dereita.
- Os usuarios de secundaria pola porta das escaleiras exteriores.

A saída farase pola porta das escaleiras exteriores e accederán os pórticos polo túnel do portón de Infantil para evitar a mestura cos outros grupos que están no patio.

### **Quenda de Infantil:**

- O alumnado de Infantil comerá na súa propia aula, respectando o posto que ocupan na aula habitualmente.
- Estarán atendidos por un monitor/a por aula.
- Antes e despois de comer lavarán as mans.
- Os alumnos de 3 anos durmirán a sesta na súa propia aula, e sempre na mesma hamaca, que será desinfectada antes e despois do seu uso.

### **Servizo de comida:**

- Durante este curso ofertarase un límite de postos no comedor marcados polas quendas, os espazos e os tempos necesarios para a desinfección de postos e a necesaria ventilación.
- Cada usuario sentará agrupado coas súas compañeiras e compañeiros de aula, mantendo a distancia de 1,5m. Os grupos estanco manteranse no comedor coas mesmas medidas que nas aulas.
- Os grupos de convivencia serán separados por mamparas no comedor de Primaria. No caso dos usuarios de Infantil utilizaranse grupos estanco separados entre si pola distancia de seguridade. No caso de que sexa necesario debido á demanda que adoita ser habitual, empregaranse o comedor de Infantil e as aulas que fosen necesarias para manter as aulas estanco).
- Será obrigatorio o uso de máscara no tempo anterior á inxesta de comida e no posterior.
- Todos os usuarios, unha vez desinfectadas as mans e sentados no seu posto, retirarán a máscara e gardarana no seu estoxo pertinente e volverán poñela unha vez rematado de xantar.
- Neste curso a comida estará servida no posto do usuario e tapada para garantir a temperatura de servizo así como a hixiene dos alimentos.
- As monitoras/es retirarán a tampa da bandexa para que o usuario poida empezar a comer. Todo o que precise o usuario de comedor será entregado polo monitor de referencia para evitar os desprazamentos innecesarios (por exemplo, auga).
- Durante o servizo evitarase a mobilidade, polo que non poderán saír ao baño agás nos casos de urxencia.
- A retirada de bandexas das mesas será realizada polo persoal deste servizo.
- Na segunda quenda (autoservizo) os usuarios deberán respectar a distancia de 1,5m.
- Unha vez rematada a quenda, os usuarios sairán do comedor, botaráselles de novo xel hidroalcolico e dirixiranse ao patio (lugar asignado para cada grupo) en orde e mantendo distancia.

### **Tempo de recreo:**

- En caso de chuvia utilizaranse o polideportivo e os pórticos.
- Durante este tempo velarase por manter a distancia de seguridade establecida no protocolo.
- Estableceremos espazos asignados e delimitados para cada grupo de convivencia ou estanco e mantendo entre eles a distancia recomendada de 1,5 metros.
- As actividades lúdicas de patio serán adaptadas á situación que vivimos, ao número de usuarios do grupo estanco e aos espazos dispoñibles.
- Reforzarase a vixilancia nos baños debido á redución de aforo e para garantir que se manteña a distancia recomendada de 1,5 m en todo momento.
- Mentres dure a situación Covid-19 non se levará a cabo o programa de hixiene bucal (lavado de dentes).
- Habilitarase a biblioteca como espazo de traballo para os usuarios de ESO ata as 16:00.

### **Recollida de usuarios: meses de setembro e xuño.**

- Os usuarios de comedor poderán ser recollidos a partir das 15:00h.
- Para a recollida dos usuarios de Infantil, a entrada realizarase polo portón de Infantil e a saída por portería. Os usuarios recolleranse nas súas respectivas aulas, mantendo a distancia de 1,5m. As familias non poderá entrar nas aulas.
- Para a recollida dos usuarios de Primaria e Secundaria, a entrada realizarase polo portón de Primaria, mantendo polo menos a distancia de 1,5m e evitando os grupos dentro das instalacións.

### **Síntomas Covid:**

- Se algún usuario do servizo presentase sintomatoloxía compatible coa Covid-19 aplicarase o protocolo xeral do centro.

### **Ventilación e desinfección:**

- Realizárase antes e despois de cada quenda.
- Limparanse e desinfectáranse as mesas, cadeiras, mamparas e puntos sensibles tras cada quenda.
- Ventilárase polo menos 15 minutos entre quendas.

### **Outros:**

- Atenderanse alerxias alimentarias sempre con certificado médico que o acredite (como se viña facendo).
- A información de adaptación e evolución de comedor canalízase mediante a Plataforma.
- Non se poderá recoller os usuarios en tempo de comedor salvo en casos de forza maior.
- Os menús colgaranse na Plataforma e na páxina web do colexio.

### **Novidades:**

- Para facilitar a conciliación familiar, a partir da data que se comunicará, as familias poderán solicitar o menú de comedor para levar á casa. Entregaráselles á hora de recollida das súas fillas/os no espazo habilitado para este propósito. Deberanlla solicitar ao servizo antes das 13:30h. do día anterior na portería do colexio, preferiblemente por teléfono.
- O menú será o mesmo que se sirva no comedor.

### **Proxecto educativo:**

“A saúde dos demais tamén é a miña responsabilidade”.

Neste curso centrarémonos en que todos os usuarios realicen unha inxesta adecuada á súa idade, facendo fincapé na importancia das medidas hixiénicas na hora do xantar así coma no tempo do patio. Traballarase a importancia da saúde pola alimentación e a hixiene dunha forma lúdica nas distintas dinámicas que se leven a cabo durante o curso.

## **42. Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumando**

En función do número de usuarios faranse dúas quendas no comedor principal ou comedor pequeno

## **43. Persoal colaborador**

O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade- Todo o persoal adscrito ao comedor deberá levar máscara e pantalla protectora, e uniforme durante o servizo con independencia do mantemento da distancia de separación. . Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral para o persoal de centros educativos. A tal fin deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación Covid-19 antes da

incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo coas instrucións xerais para centros educativos.

- As batas, gorros ou uniformidade, lóvanse diariamente ou na súa falta utilizaranse batas desbotables.
- Respetaranse as distancias interpersoais de 1,5m.
- Cada monitor/a contará con grupos fixos de usuarios para manter as burbullas establecidas nas aulas.

#### **44. Persoal de cociña e a limpeza da mesma**

- O servizo de cociña do comedor escolar é propio e ten uns protocolos sanitarios moi estritos que haberá que ampliar coas seguintes medidas:
- Uso de máscara durante todo o servizo.
- Uso de pantalla de protección ocular.
- Ventilación do espazo de cociña como mínimo 4 veces o día.
- Papeleira con pedal e tampa.
- Desinfección de superficies e utensilios con produtos específicos para a Covid-19.